ANÁLISE E COMENTARIO DUNHA IMAXE (Xeografía Económica)

1. Descrición rápida da imaxe.

Trátase dunha **primeira aproximación á imaxe**. Non ten por que ser unha descrición meticulosa nin é necesario facer unha redacción ampla: só estamos facendo un primeiro achegamento á imaxe, unha **observación e análise previa á súa análise e comentario**. Sería interesante resaltar xa nesta primeira parte se se trata dunha **paisaxe natural, humanizada ou se hai elementos das dúas.**

2. Localización espazo – temporal da imaxe.

Onde e cando, se temos información; en caso contrario, pódese inducir que lugar é (rexión, continente, área …) e cando (actual, histórica …) pola información que nos transmite a mesma imaxe. Todos os detalles, ata os máis pequenos, son importantes.

3. Observación e análise detida da imaxe.

Unha vez que cos dous primeiros pasos xa fixemos unha aproximación xeral á imaxe, é hora dunha observación e análise máis detidas. Debemos **identificar os diferentes elementos que a compoñen (incluso marcándoos ou sinalándoos fisicamente na imaxe)**

Podemos seguir unha orde que nos axude. Por exemplo, empezar polo primeiro plano e ir cara ao fondo da imaxe, ou tamén ir do máis xeral ao máis particular e concreto, tendo en conta os seguintes elementos:

a) Tipo de actividade e sector económico.

b) Contido principal ou xeral : facemos referencia ao contido(s)ou categoría(s) máis importante ou xeral da imaxe.P.ex.: Trátase dunha paisaxe agraria / Estamos ante un espazo industrial …

c) Contido secundario da imaxe (mais non menos importantes): identificamos os elementos máis concretos. P.ex: bosque, granxa, zona de pastos, pequenas leiras separadas por muros, tractor , …

Ás veces, algún elemento que aparece claramente na imaxe pode axudarnos a deducir outro que non aparece. Por exemplo, o almacenamento de troncos de árbores apilados despois dunha corta nunha zona boscosa pode facernos pensar que existen elementos de transporte (camións, barcas nun río …) e comunicacións (pistas forestais, estradas …) para trasladar a materia prima a unha industria transformadora (serradoiro, industria papeleira …)

CC BY NC SA

Son diferentes os elementos que podemos identificar segundo a rama e sector da actividade económica. A seguinte táboa pode servir de guía:

Sector primario	Sector Secundario	Sector terciario
Actividade agraria, agrícola pesqueira, gandeira, silvicultura	Tipo de actividade industrial	Tipo de actividade terciaria
Espazo rural- agrario	Materias primas e fontes de enerxía: tipos, orixe, renovables-non renovables etc.	Servizos públicos – privados, ligados ao Estado do Benestar …
Elementos e factores da paisaxe agraria: tipos de paisaxe, parcelas, sistemas de cultivo, sistemas gandeiros etc.	Industria artesanal - moderna	Elementos relacionados co transporte e comunicacións, comercio, turismo …
Actividade pesqueira: artesanal, industrial, baixura, altura, buques factoría, acuicultura, marisqueo etc.	Industria de base, de bens de equipo, de consumo.	
Explotación forestal: madeira, biomasa, cortiza etc.	Localización: factores, des-localización, áreas industriais, etc	

4. Organización de elementos e factores identificados: esquema.

Establece as relacións entre os diferentes elementos e factores xa identificados. Para isto **elaboramos un esquema simple e explicamos as relacións e significado na imaxe deses elementos e factores**.

Por exemplo: Espazo – rural e paisaxe agraria con leiras pequenas e pechadas (bocage – minifundio) con tecnoloxía rudimentaria (arado tirado por vacas) etc etc

5. Redacción do comentario

É hora de que a partir da observación, análise e esquema anteriores redactemos o comentario escrito, describindo a imaxe e interpretando os seus elementos, factores e as relacións entre eles. Un posible guión deste comentario escrito podería ser:

- ✓ **Introdución:** expoñer que imos facer (unha análise e comentario dunha imaxe, facer unha breve descrición da mesma, localizala espacial (onde) e temporalmente (cando), a que tipo de paisaxe pertence (natural, **humanizada, agraria, industrial, urbano …)**
- ✓ **Corpo** principal do comentario: correspóndese cos puntos 3 e 4 desta guía: observación e análise e esquematización (de elementos, factores e relacións entre eles)
- ✓ **Conclusión:** facemos un resume, resaltamos as ideas clave ou reseñables da imaxe, establecemos relacións con outros temas, …

CC BY NC SA